



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 131 · Luns, 10 xuño 2019

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases de selección como persoal funcionario interino dun/dunha tradutor/a de lingua galega.....	2
Corrección de erros nas bases da convocatoria do “Curso de Conducción Eficiente de Camións de Obras Públicas”.....	16
Corrección de erros nas bases da convocatoria do “Curso de Operador de Maquinaria de Obra Pública e Servizos en Traballos de Roza”.....	16
Curso de Protección de Datos de Carácter Persoal e Ciberseguridade nas Entidades Locais.....	16

IV. ENTIDADES LOCAIS

Boborás

Delegación de competencias da Alcaldía na segunda tenente de alcalde.....	22
---	----

Ourense

Delegación de competencias das áreas de Asuntos Sociais, Sanidade, Igualdade, Xuventude e Voluntariado e das áreas de Cultura e Educación.....	23
--	----

Teixeira (A)

Exposición ao público da conta xeral do orzamento correspondente ao exercicio económico de 2018.....	23
--	----

V. TRIBUNAIS E XULGADOS

Xulgado do Social n.º 1 de Ourense

Notificación de sentenza ás empresas Eolicia, SL e Eolicia Gestión y Operación, SL, no procedemento ordinario 270/2019.....	24
---	----

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria y bases de selección como personal funcionario interino de un/a traductor/a de lengua gallega.....	9
Corrección de errores en las bases de la convocatoria del “Curso de Conducción Eficiente de Camiones de Obras Públicas”.....	16
Corrección de errores en las bases de la convocatoria del “Curso de Operador de Maquinaria de Obra Pública y Servicios en Trabajos de Roza”.....	16
Curso de Protección de Datos de Carácter Personal y Ciberseguridad en las Entidades Locales.....	19

IV. ENTIDADES LOCALES

Boborás

Delegación de competencias de la Alcaldía en la segunda teniente de alcalde.....	22
--	----

Ourense

Delegación de competencias de las áreas de Asuntos Sociales, Sanidad, Igualdad, Juventud y Voluntariado y de las áreas de Cultura y Educación.....	23
--	----

Teixeira (A)

Exposición al público de la cuenta general del presupuesto correspondiente al ejercicio económico de 2018.....	23
--	----

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

Juzgado de lo Social n.º 1 de Ourense

Notificación de sentencia a las empresas Eolicia, SL y Eolicia Gestión y Operación, SL, en el procedimiento ordinario 270/2019.....	24
---	----



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases de selección como persoal funcionario interino dun/dunha tradutor/a de lingua galega da Deputación Provincial de Ourense

Base primeira.- Obxecto da convocatoria

De conformidade co disposto na Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal funcionario interino ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, aprobada na sesión plenaria do 30 de abril de 2014, e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 1 de agosto de 2014, é obxecto destas bases a regulación do proceso selectivo e a convocatoria como persoal funcionario interino, dun/ha tradutor/a de lingua galega (subgrupo A1). O nomeamento interino será segundo o procedemento ordinario previsto no artigo 4º da ordenanza.

Base segunda.- Requisitos dos aspirantes

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e conxunto co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe -sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión da titulación de licenciatura en filoloxía galega, filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués), filosofía e letras (sección filoloxía hispánica, subsección galego-portugués), grao en ciencias da linguaxe e estudos literarios (galego e español), estudos de galego e español, galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios, lingua e literatura galegas, licenciatura ou grao en tradución e interpretación ou equivalentes, segundo o previsto no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e de acordo co establecido no Real decreto 967/2014, do 21 de novembro.

Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

Así mesmo, estar en posesión do título que acredite o grao de perfeccionamento no idioma galego ou Celga 4. Os aspirantes que non dispoñan de tal título e superaran a proba práctica deberán facer un exercicio de dúas traducións, unha do galego ao castelán e outra do castelán ao galego, cualificándose como

apto ou non apto. O tribunal decidirá a nota mínima para ser declarado apto.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Base terceira.- Lugar e prazo de presentación de instancias

1. As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, na que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiránse ao presidente da Deputación. As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na Oficina de Asistencia ao Cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (norma que se estima vixente de acordo co establecido na disposición derogatoria única en relación coa disposición final 7.ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas). Neste último caso rógase que se envíe copia da instancia ao número de fax 988 385 184.

b) De forma telemática, a través do Rexistro Electrónico Xeral da sede electrónica da Deputación Provincial, no enderezo <https://sede.depourense.es>

2. O prazo será de 7 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa instancia (modelo normalizado que se inclúe na convocatoria e que estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense www.depourense.es) acompañaranse os documentos acreditativos dos méritos aos que fai referencia a fase de concurso e o xustificante de pagamento da taxa de participación no proceso selectivo.

4. Os requisitos de estar en posesión da titulación esixida, así como os datos de identidade, nacionalidade e residencia serán comprobados de oficio pola Deputación mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, sempre que, conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello Europeo, do 27 de abril de 2016, relativo á protección dos datos das persoas físicas, os solicitantes fagan constar o seu consentimento expreso na solicitude. En caso contrario, os/as interesados/as deberán achegar copia dos documentos correspondentes. Excepcionalmente, se a Deputación non puidese obter os documentos conforme co previsto neste apartado, poderá solicitar ao interesado a súa achega, outorgándolle un prazo de 10 días hábiles.



5. En todo caso, os documentos obtidos utilizaranse exclusivamente para as finalidades deste procedemento selectivo. Os interesados poderán exercer en calquera momento os dereitos que lles recoñece a normativa vixente en materia de protección de datos.

6. Para a admisión ao concurso dos solicitantes será requisito imprescindible o aboamento previo da taxa establecida na presente Ordenanza fiscal (BOP núm.º 166, do 20 de xullo de 2018), agás nos supostos de exención. A tarifa aplicable nesta convocatoria será de 19,00 €, para o subgrupo A1. O modelo estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense www.depourense.es e nas oficinas do Servizo de Recursos Humanos e Formación.

No caso de que o interesado estea exento por discapacidade igual ou superior ao 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

No caso de que o interesado estea exento por ter a condición de desempregado de longa duración, deberá achegar certificación desta situación expedida polo Servizo Público de Emprego.

No caso de que o interesado forme parte dunha familia numerosa e se acolla á bonificación do 50% no pagamento da taxa, deberá achegar copia do título de familia numerosa expedido pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Base cuarta.- Listas provisionais e definitivas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente ditará resolución no prazo máximo de cinco días naturais pola se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos da Deputación e na páxina web www.depourense.es indícarase a causa da exclusión e concederá un prazo de dez días para a emenda de erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección, conforme co establecido no artigo 8º da ordenanza. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, convocarase -mediante anuncio no taboleiro e comunicación por SMS aos afectados, á súa elección- a data de realización da proba práctica que se fixe e a de valoración dos méritos achegados que terá carácter previo á realización da proba práctica.

Base quinta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección será, de conformidade co previsto no artigo 4.1 da Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, o concurso-oposición.

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá supoñer nunca máis do 40% do total da puntuación. A valoración de méritos será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles dende a data da súa realización, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais.

Base sexta.- Tribunais de selección

O tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose por un presidente, catro vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionario de carreira de calquera administración pública. A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que sexan obxecto da praza.

Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade co establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público e seguindo as instrucións previstas no artigo 8 da Ordenanza.

Os membros do tribunal con dereito a voto serán designados mediante sorteo que se realizará en acto público. A data do sorteo será o día no que se cumpra o prazo de presentación de instancias. O sorteo realizarase na sala de xuntas da Deputación Provincial de Ourense. O presidente e dous vogais serán elixidos por sorteo entre os empregados públicos da Deputación Provincial de Ourense. Os dous vogais restantes deberán ser empregados públicos pertencentes a outras administracións públicas galegas diferentes á Deputación Provincial de Ourense e ás súas entidades dependentes. O secretario do tribunal será designado pola Presidencia, entre funcionarios do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación Provincial.

No que se refire á praza convocada, isto é, tradutor/a de lingua galega (subgrupo A1), os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer os membros do tribunal, entre os que se realizará o sorteo correspondente, serán as seguintes: secretario/a xeral, vicesecretario/a, secretario/a-interventor/a asesor/a, interventor/a, interventor/a-tesoureiro/a, técnico/a superior de administración xeral, tradutor/a de lingua galega, técnico/a superior de desenvolvemento local e recursos europeos, técnico/a superior en administración cultural.

En todo caso, cando menos, o presidente do tribunal deberá pertencer necesariamente ás categorías seguintes: tradutor/a de lingua galega, técnico/a superior en administración cultural e técnico/a superior de administración xeral.

Base sétima.- Baremo de méritos

1. Con carácter previo á fase de oposición o tribunal debe proceder á realización da valoración do correspondente concurso co seguinte baremo:

a) Polos servizos prestados na mesma ou análoga categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción.

Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a prevista nas bases garde unha relación de identidade esencial. O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados expresado en días e dividíndoo por trinta, aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

Poderá computarse como mérito avaliable para estes efectos a prestación de servizos por conta propia no exercicio da profesión, sempre que estean en relación directa co posto de traballo obxecto da convocatoria e que poidan resultar relevantes para a avaliación do mérito e capacidade dos/as aspirantes.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.



2. A puntuación máxima polos méritos da letra a) serán seis puntos e polos méritos da letra b) serán catro puntos.

Estabécese como puntuación máxima a obter no concurso un máximo de dez puntos.

3. Os méritos deberán acreditarse a través dos seguintes medios:

- A antigüidade na administración pública, mediante certificación expedida polo órgano competente da administración pública de que se trate.

- Os servizos prestados no sector privado, mediante certificación de vida laboral e contratos de traballo.

- A prestación de servizos por conta propia, mediante o contrato mercantil co xustificante de facturación e aboamento da dita prestación económica.

- Os cursos de formación, mediante certificado expedido pola entidade promotora da acción formativa, onde conste a denominación do curso e o seu número de horas. A certificación deberá incluír ademais a circunstancia de ter superado a proba de avaliación establecida para a obtención do diploma ou certificación, de ser o caso.

Base oitava.- Proba práctica

1. A proba práctica estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do posto de tradutor/a de lingua galega, así como co temario previsto no anexo III destas bases. Será determinada polo tribunal de selección na mesma data da súa realización, no marco do previsto nestas bases. As actuacións desenvolvidas na reunión na que se estableza o contido da proba para realizar recolleranse na acta correspondente.

2. No caso de que o tribunal o estimase necesario, polas especiais características do posto, poderá solicitar previamente a contratación e/ou asistencia dun/ha asesor/a técnico/a especializado/a para a realización e avaliación da proba selectiva.

3. As funcións da praza son, con carácter xeral, as seguintes:

a) Realizar traducións do castelán ao galego ou á inversa en toda clase de documentos, en especial nos de maior complexidade lingüística.

b) Elaborar pregos e valoración das ofertas correspondentes á súa área de traballo.

c) Colaborar na organización dos respectivos servizos.

d) Prestar asesoramento, no eido das súas competencias e capacitación profesional, cando así sexa requirido dende as diferentes áreas ou servizos.

e) Asistir ás diferentes comisións ou reunións con outras institucións e/ou entidades privadas, relacionadas co seu ámbito de traballo.

f) Formar parte das mesas de contratación e dos procesos selectivos relacionados co seu ámbito de traballo.

g) Emisión de informes, dentro do seu eido competencial e profesional.

h) Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

4. Valorarase a formación e o grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba. O tempo de desenvolvemento será dunha hora. A puntuación máxima que se pode outorgar á proba práctica será dun máximo de vinte puntos,

sendo necesario obter un mínimo de dez puntos para superar esta.

A corrección da proba levarase a cabo e será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais. Nesta mesma publicación incluírase a proposta de resolución formulada polo tribunal.

Base novena.- Proposta de nomeamento

1. Efectuadas as publicacións sinaladas, o presidente do tribunal remitiralle o expediente completo ao presidente da comisión de control e seguimento, que procederá á súa convocatoria para a emisión do informe preceptivo correspondente.

2. No suposto de que o informe da comisión fose desfavorable á proposta do tribunal, devolveráselle o expediente a este, co fin de que emita o informe ao respecto que considere oportuno.

3. O aspirante proposto pola comisión presentará, dentro do prazo de cinco días naturais desde que se publica a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para tomar parte neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

a) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función que se vai desempeñar.

b) Título orixinal para validar, ou ben, xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición deste.

c) Declaración xurada ou promesa de non estar separado mediante procedemento disciplinario de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

4. As persoas que superasen a fase de oposición do proceso selectivo e non acadasen puntuación suficiente para o seu nomeamento para o posto convocado, pasarán a integrar unha lista de reserva para posibles novos nomeamentos da categoría profesional correspondente.

Base décima.- Nomeamento

1. O presidente, de acordo coa proposta formulada pola comisión de control e seguimento, procederá a decretar o nomeamento como persoal funcionario interino, debendo tomar posesión no prazo de cinco días naturais desde a data da notificación do nomeamento.

2. O nomeamento que se lle realizará á persoa seleccionada será polo tempo necesario ata a cobertura definitiva do posto de traballo.

Base undécima.- Recursos

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante esta Presidencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen oportuna.

(Ver anexos páx. 5-8)



Solicitud para participar no proceso selectivo dun/ha tradutor/a de lingua galega da Deputación Provincial de Ourense
(Anexo I)

I.- Datos do solicitante:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/NIE: _____ Enderezo: _____

Poboación: _____ Provincia: _____

Teléfono móbil: _____ Teléfono: _____ Correo electrónico: _____

II.- Solicita a súa inclusión para participar no proceso selectivo dun/ha tradutor/a de lingua galega da Deputación Provincial de Ourense.

III.- Documentación que achega:

- Titulación
- Permiso de circulación
- Méritos alegados

SI	<input type="checkbox"/>	Autorizo á Deputación Provincial de Ourense para que consulte ou obteña documentos acreditativos dos méritos a través das plataformas de intermediación de datos coas administracións competentes ou mediante outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.
NON	<input type="checkbox"/>	

SI	<input type="checkbox"/>	Autorizo á Deputación Provincial de Ourense para que me sexa enviado por vía de correo electrónico ou SMS a comunicación de aviso da publicación na sede electrónica da Deputación dos diferentes actos e resolucións de interese para a miña solicitude.
NON	<input type="checkbox"/>	

_____, ____ de _____ de 20__.

Sinatura

Presidente da Deputación Provincial de Ourense

Relatorio de méritos

Anexo II

Apelidos e nome: _____

DNI/NIE: _____ Teléfono móbil: _____

Para os efectos do baremo aplicable acredita os méritos que a seguir se especifican e achega documentación xustificativa deles.

1.- Polos servizos prestados na mesma categoría ou análoga categoría profesional:

Anos	Meses	Días

2.- Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

Denominación	Organismo emisor	Ano	Horas

_____, ____ de _____ de 20 ____

Sinatura

Anexo III

- Tema 1.- A comunicación e as súas variedades. A comunicación humana. A linguaxe e as súas funcións. A lingua e o signo lingüístico.
- Tema 2.- Variedades e rexistros da lingua.
- Tema 3.- Variedades dialectais do galego: bloques e áreas.
- Tema 4.- Orixe do galego. A romanización: fases. Influencias prerromanas. Voces patrimoniais, cultas e semicultas.
- Tema 5.- Influencias de superestrato. Os préstamos.
- Tema 6.- A lingua na Idade Media. Primeiros textos. O galego lingua de cultura. Caracterización da lingua medieval.
- Tema 7.- A lingua no século XVI ó XVIII. A ilustración.
- Tema 8.- Rexurdimento lingüístico. O século XIX e as características da lingua nesta etapa.
- Tema 9.- Etapas no proceso normativizador. A lingua no século XX ata 1967. Das Irmandades á Xeración Nós e posguerra.
- Tema 10.- A lingua desde o ano 1967 ata a actualidade. Estandarización e normativización.
- Tema 11.- O proceso normalizador. Etapas, situación. Actuacións internas e externas.
- Tema 12.- A situación lingüística antes da Constitución de 1978. A lingua na Constitución e no Estatuto de Autonomía.
- Tema 13.- A Lei de normalización lingüística. Desenvolvemento. Desde o ano 1983 a hoxe.
- Tema 14.- A lexislación referida ao ensino e á Administración local, de xustiza e outras.
- Tema 15.- A situación lingüística do resto do Estado. Linguas oficiais e patrimoniais.
- Tema 16.- A carta europea. Situación lingüística de Europa.
- Tema 17.- Lingua e sociedade: situación lingüística de Galicia. Bilingüismo e diglosia.
- Tema 18.- Linguas en contacto. A asimilación lingüística. Interferencias lingüísticas e as alternancias de código.
- Tema 19.- Os castellanismos no galego: fonéticos, morfosintácticos e léxicos.
- Tema 20.- Fonemática: as vogais. Orixe e evolución (etimoloxía) do sistema.
- Tema 21.- O sistema vocálico actual do galego. Rendemento das vogais medias abertas e pechadas. Ditongos e tritongos.
- Tema 22.- O sistema consonántico. Orixe e evolución (etimoloxía).
- Tema 23.- O sistema consonántico actual do galego. Fenómenos dialectais que afectan ao consonantismo.
- Tema 24.- A sílaba. Clases. Combinacións. O acento na palabra e no grupo tonal. Encontros de fonemas na palabra e no sintagma. A entoación.
- Tema 25.- Ortografía e acentuación do galego (regras). O acento diacrítico.
- Tema 26.- A palabra. Constituíntes. Formación de palabras. A abreviación (abreviaturas, siglas e símbolos).
- Tema 27.- A derivación: prefixación, sufixación e parasíntese.
- Tema 28.- O significado. Denotación e connotación. O campo semántico; campos peculiares. Sinonimia e antonimia, polisemia, eufemismo.
- Tema 29.- O substantivo. Xénero e número. A tendencia á nominalización. O circunloquio. O uso non discriminatorio do xénero.
- Tema 30.- A formación do feminino e do plural. Novas adaptacións.
- Tema 31.- O adxectivo. Clases, xénero, número, etc. A adxectivación valorativa.
- Tema 32.- Graos do adxectivo.
- Tema 33.- O pronome persoal. Orixe, evolución. As formas tónicas.
- Tema 34.- O pronome persoal: átonos. A colocación do pronome persoal átono respecto ao verbo na frase. O tratamento persoal. As fórmulas obsoletas e o tratamento cortés.
- Tema 35.- O pronome demostrativo. Orixe. Situación medieval. Sistema actual.
- Tema 36.- O pronome posesivo. Evolución. Formas. Usos.
- Tema 37.- Os indefinidos, numerais, relativos, interrogativos e exclamativos. As indicacións de tempo e de lugar; a expresión das horas. As indicacións de cantidade. As denominacións tradicionais de pesos e medidas.
- Tema 38.- Os numerais: cardinais, ordinais, partitivos, etc.
- Tema 39.- O artigo. Orixe-evolución. Formas e usos.
- Tema 40.- O adverbio. Clases e formas.



Tema 41.- A preposición e a conxunción. Os réximes preposicionais. Deísmo e dequeísmo. Locucións e fórmulas fixas da linguaxe administrativa. A interxección.

Tema 42.- O verbo. Estrutura. A raíz: regulares e irregulares. Alternancias vocálicas e consonánticas. A vogal temática. Conxugacións.

Tema 43.- Os tempos do sistema galego. Modo, voz, tempo, persoa, etc.

Tema 44.- Verbos regulares. Conxugacións singulares.

Tema 45.- Verbos irregulares. Conxugacións singulares. (Os máis salientables).

Tema 46.- As formas non finitas. Participios dobres. O xerundio especificativo e de posterioridade. O infinitivo conxugado.

Tema 47.- As perífrases verbais. Estrutura. Tipos.

Tema 48.- A afirmación e negación en galego. A dúbida. A interrogación. A exclamación.

Tema 49.- A oración. Clases de oracións segundo o predicado.

Tema 50.- Partes da oración. O suxeito. Complementos.

Tema 51.- A oración composta. Coordinadas. Subordinadas, etc.

Tema 52.- O texto e as súas partes. Tipos. Administrativos. Caracterizacións. Tipoloxía. A linguaxe administrativa.

Tema 53.- Os dicionarios. Partes. Clases. Usos. Características dos galegos.

Tema 54.- Gramáticas e estudos sobre o galego.

Tema 55.- A literatura medieval galega: a lírica profana.

Tema 56.- Os xéneros poéticos menores e as Cantigas de Santa María.

Tema 57.- A prosa medieval.

Tema 58.- Decadencia da lingua e literatura. Escolas e manifestacións dos séculos escuros.

Tema 59.- O século XIX. Precusores e rexurdimento. Lingua e literatura. Contexto sociopolítico e sociocultural.

Tema 60.- Rosalía. Obra. Caracterización lingüística.

Tema 61.- Pondal e Curros. Noriega Varela. A lingua.

Tema 62.- O século XX. Contexto sociocultural. O nacionalismo. As Irmandades da Fala. O Grupo Nós. O Seminario Estudos Galegos.

Tema 63.- As vangardas e os “ismos” (incluíndo o neotrobadorismo). Dieste e outros. Situación política pre-36 e consecuencias da Guerra Civil no campo sociocultural.

Tema 64.- A literatura no exilio e a Galicia despois do 50. Galaxia e a recuperación.

Tema 65.- Álvaro Cunqueiro, Fole e outros narradores e dramaturgos. Caracterización da lingua. Os poetas da posguerra: Pimentel, Aquilino Iglesia Alvariño.

Tema 66.- Tendencias poéticas do 50. Festas Minervais, Grupo Brais Pinto. Autores. Celso Emilio e outros (A. Tovar ...).

Tema 67.- A renovación da prosa e da lingua. Colectivos. Cultivadores. Obras. As últimas décadas. A lingua na universidade.

Tema 68.- O teatro: da posguerra a hoxe. Situación. Perspectivas. Incidencia no proceso normalizador.

Tema 69.- O ensaio. O xornalismo e a literatura galega na prensa escrita. Situacións e perspectivas. Importancia no proceso lingüístico.

Tema 70.- A TV, a radio e as novas tecnoloxías: incidencia no proceso normalizador. Situación e perspectivas.

Tema 71.- Cine, música, teatro, pintura, arquitectura, relixión..., actividades. A súa incidencia no proceso normalizador. Actuacións desde unha Deputación.

Tema 72.- A organización e funcións dun gabinete de normalización lingüística. Medios, recursos, medidas. O factor humano e político.

Ourense, na data da sinatura electrónica.- O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar. Documento asinado electronicamente.

Diputación Provincial de Ourense

Convocatoria y bases de selección como personal funcionario interino de un/a traductor/a de lengua gallega de la Diputación Provincial de Ourense

Base primera.- Objeto de la convocatoria

De conformidad con lo dispuesto en la Ordenanza Provincial Reguladora de los Procedimientos de Contratación de Personal Funcionario Interino al Servicio de la Diputación Provincial de Ourense, aprobada en la sesión plenaria de 30 de abril de 2014, y publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de 1 de agosto de 2014, es objeto de estas bases la regulación del proceso selectivo y la convocatoria como personal funcionario interino, de un/a traductor/a de lengua gallega (subgrupo A1). El nombramiento interino será según el procedimiento común previsto en el artículo 4º de la Ordenanza.

Base segunda.- Requisitos de los aspirantes

Los requisitos de los aspirantes serán los siguientes:

a) Nacionalidad: tener la nacionalidad española. Además, y de acuerdo con el establecido en la Ley 17/1993, de 23 de diciembre, podrán acceder los nacionales de los demás estados miembros de la Unión Europea, así como los extranjeros que reúnan la condición de cónyuges de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendientes y los de su cónyuge -siempre que no estén separados de derecho- menores de 21 años o mayores que vivan a sus expensas. Las mismas reglas se aplicarán, de ser el caso, a las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales realizados por la Comunidad Europea y ratificados por España, en los que sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.

b) Edad: tener cumplidos dieciséis años de edad y no exceder la edad máxima de jubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión de la titulación de licenciatura en filología gallega, filología hispánica (subsección de gallego-portugués), filosofía y letras (sección filología hispánica, subsección gallego-portugués), grado en ciencias del lenguaje y estudios literarios (gallego y español), estudios de gallego y español, gallego y portugués: estudios lingüísticos y literarios, lengua y literatura gallegas, licenciatura o grado en traducción e interpretación o equivalentes, según lo previsto en el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público, y de acuerdo con el establecido en el Real Decreto 967/2014, de 21 de noviembre.

Cuando se aleguen equivalencias de títulos se aportará, en su día, certificado para el efecto de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria. En el caso de titulaciones obtenidas en el extranjero, deberán poseer el documento que acredite fidedignamente su homologación. Este requisito no será de aplicación a los aspirantes que hayan obtenido el reconocimiento de su calificación profesional, en el ámbito de las profesiones reguladas, al amparo de las disposiciones de derecho de la Unión Europea.

Asimismo, estar en posesión del título que acredite el grado de perfeccionamiento en el idioma gallego o Celga 4. Los aspirantes que no dispongan de tal título y hayan superado la prueba práctica deberán hacer un ejercicio de dos traducciones, una del gallego al castellano y otra del castellano al gallego, calificándose como apto o no apto. El tribunal decidirá la nota mínima para ser declarado apto.

d) Capacidad funcional: no padecer enfermedad ni estar afectado por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones.

e) Habilitación: no haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial para el acceso al cuerpo o escala de funcionario o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso del personal laboral, en el que haya sido separado o inhabilitado. En el supuesto de ser nacional de otro estado, no encontrarse inhabilitado o en situación equivalente ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su estado, en los mismos términos, el acceso al empleo público.

Base tercera.- Lugar y plazo de presentación de instancias

1. Las instancias solicitando tomar parte en la convocatoria, en la que los aspirantes deberán manifestar que reúnen todas y cada una de las condiciones exigidas, referidas siempre a la fecha de expiración del plazo señalado para la presentación de instancias, se dirigirán al Sr. presidente. Las modalidades de presentación serán las siguientes:

a) De forma presencial, mediante la presentación en papel de la solicitud y de la documentación anexa en la Oficina de Asistencia al Ciudadano en materia de Registro de la Diputación Provincial de Ourense o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (norma que se estima vigente de acuerdo con lo establecido en la disposición derogatoria única en relación con la disposición final 7ª de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas). En este último caso se ruega que se envíe copia de la instancia al número de fax 988 385 184.

b) De forma telemática, a través del registro electrónico general de la sede electrónica de la Diputación Provincial, en la dirección <https://sed.depourense.eres>

2. El plazo será de 7 días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

3. Con la instancia (modelo normalizado que se incluye en la convocatoria y que estará disponible en el portal web corporativo de la Diputación de Ourense www.depourense.es) se acompañarán los documentos acreditativos de los méritos a los que hace referencia la fase de concurso y el justificante de pago de la tasa de participación en el proceso selectivo.

